

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 24/03/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 24/03/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17-mar-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/0969

Dáse conta de escrito presentado por Dona Sofia Bouzas Barral, en relación á dificultade que sofre ao padecer unha discapacidade e ter que dispoñer dunha praza de aparcamento para persoas con discapacidade nas proximidades do seu domicilio en Rúa Veiga de Cima nº 17.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza destas características nas proximidades do seu domicilio, concretamente fronte ao domicilio da solicitante, debendo previamente proceder ao asfaltado dun tramo de 4 x 0,5 m, e que se proceda así mesmo a instalar sinalización vertical e tamén horizontal para o seu correcto funcionamento.

Faise constar que o uso desta praza é libre e calquera persoa que dispoña da tarxeta para estacionamento en zonas reservadas para persoas con mobilidade reducida e non supón concesión exclusiva para a solicitante.

Dar conta ao Servizo de Sinalización e Servizo Municipal de Obras.

PRP2025/1006

Dáse conta do escrito presentado polo Club Salvamento Vilagarcía no que con motivo da organización da 3ª Xornada de Liga de Praia de Salvamento e Socorrismo, na praia da Concha, os días 31 de maio en horario de mañá e tarde, e 1 de xuño de 2025 en horario de mañá, para as categorías alevín, infantil, cadete, xuvenil e absoluto, solicitando a colaboración municipal.

Visto o informe da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración da citada proba, condicionada ao seguinte:

1º.- O Club Salvamento Vilagarcía deberá entregar antes da proba a autorización das administracións correspondentes para o desenvolvemento da proba, así como o seguro de accidentes e responsabilidade civil tal como indica a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia ou

certificación da Federación Galega de Salvamento no que indique que a proba é oficial polo que os deportistas contan con licenza federativa.

2º.- O Club Salvamento Vilagarcía deberá indicar os horarios de competición así como a zona a delimitar para a competición.

3º.- Débese dar traslado aos seguintes departamentos do Concello da solicitude de:

- Departamento do Auditorio: solicitude de un equipo de son.
- Servizo de alumado: conexión eléctrica na zona de competición.
- Servizo de obras: 3 carpas con laterais e valados para a zona de competición.
- Protección Civil: colaboración cunha embarcación de apoio, e coa ambulancia.
- Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes: publicidade institucional.
- Servizo de medio ambiente: acondicionamento da area o día anterior e limpeza dos aseos públicos os días da competición sobre as 08:00 horas.

PRP2025/1024

O Concello vai realizar a contratación temporal de trinta traballadores desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego para a posta en marcha do “PLAN MAIS PROVINCIA CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA 2025 LIÑA 3 ACTIVACION DO EMPREGO”, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Estes traballadores quedan adscritos ós seguintes departamentos: Vías Públicas, Medio Ambiente, Parques e Xardíns e Alumado Público.

Para cubrir as necesidades do citado persoal, é necesario propoñer a adquisición de roupa e EPIS para cada un deles. O número de traballadores asignados a cada departamento e os orzamentos necesarios estrutúrase como segue:

Servizo ó que se le imputa o gasto	Encargado do servizo	Número de traballadores	Orzamento estimado do contrato	Partida orzamentaria
Parques e Xardíns	Dolores Barreiro	4 persoas	1.177,18 € IVE INCLUIDO	171.22199
Medio Ambiente	Manuel Linares	5 persoas	1.411,05 € IVE INCLUIDO	1720.22199
Vías Públicas	Ricardo Pichel Prego	18 persoas	5.603,92 € IVE INCLUIDO	1530.22199
Alumado Público	Ramón Caldas	3 persoas	657,90 € IVE INCLUIDO	165.22199

Vista a proposta dos Xefes de Servizo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEGURLAIN 2020 S.L. con CIF: B-36456952., por un importe total de 8.850,05 €, con cargo á partidas indicadas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1064

Dáse conta de escrito de D. Adrian Santorum Rey solicitando autorización para organizar un concerto o día 23 de marzo de 2025 na terraza do local situado na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño, en horario de 12:30 a 14:30 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1075

Dáse conta de escrito presentado por D. Oscar Rey Muñiz como presidente da Asociación Fonte da Coca denunciando un problema de contaminación acústica na Avda. Rodrigo de Mendoza con motivo das obras de cambio de tubaxes por parte da empresa que está realizando as obras do Tanque de Tormentas, indicando que as tapas de rexistro situadas dende a rotonda da Laxe ata a rotonda das mans, non están ben asentadas, polo que ao pasar os vehículos producen moito ruído. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir a Augas de Galicia e á Empresa

Petrolam Infraestruturas SL, que está realizando as citadas obras, para que procedan á corrección do sistema de colocación das tapas de rexistro.

PRP2025/1076

Dáse conta de escrito da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas comunicando a axuda concedida para a elaboración do PXOM no que indica que en aplicación do establecido na disposición adicional 4a da orde do 20 de abril de 2007, por resolución de data 11 de febreiro de 2025 da directora xeral de Urbanismo, procédese ó reaxuste dos importes das anualidades ñas que se ten distribuída a axuda, quedando establecida como se reflicte no seguinte cadro:

Fases de execución	Porcentaxe	Importe	Anualidades
IPAI	20%	53.420,40 €	2025
Aprobación inicial	20%	53.420,40 €	
Aprobación provisional	20%	53.420,40 €	2026
Aprobación Definitiva	20%	53.420,40 €	2028

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1001

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación Ares Arousa no que solicita permiso para levar a cabo unha ruta Cabalar para os vindeiros domingos 20 de abril, 27 de abril, 11 de maio e 18 de maio, por diversas rúas do Concello e pola Praia da Compostela, comprometéndose a deixar todo limpo e recollido e comunicando á Policía Local o venres anterior a confirmación da realización da ruta dependendo das condicións atmosféricas.

Así como solicita acompañamento da policía durante o desenvolvemento da ruta.

Dáse conta de informe da Fundación de Deportes.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para levar a cabo a ruta os días 20 e 27 de abril e 11 de maio, denegando a autorización solicitada para o 18 de maio, debendo comunicar á Policía Local o venres anterior, a ruta e horario das actividades autorizadas.

Fáise constar que a Policía Local non acompañará aos participantes na ruta cabalar durante o traxecto da mesma.

Dar conta á Policía Local e Fundación de Deportes.

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/1090

Sobre a solicitude á Consellería de Política Social de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal (Plan Concertado), dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto 99/2012, do 16 de marzo (D.O.G. nº 63 do 30 de marzo de 2012), pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica (DOG nº 228, de 27 de novembro de 2014); e preséntanse para a súa aprobación o financiamento a solicitar nos seguintes termos:

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería Política Social, segundo se reflicte no rexumo xeral do anexo V, a transferencia finalista para o financiamento de:

PERSOAL	245.610,00€		
MANTEMENTO	0,00€		
AXUDA NO FOGAR	Modalidade Básica	Prestación	Modalidade Dependencia
	23.400,00 €		787.536,00 €
XESTIÓN DE PROGRAMAS	134.000,00 €		
INVESTIMENTO	0,00 €		
TOTAL SOLICITADO	1.190.546,00 €		

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.

SEGUNDO: O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

PERSOAL	492.757,10 €		
MANTEMENTO	12.000,00 €		
AXUDA NO FOGAR	Modalidade Básica	Prestación	Modalidade Dependencia
	102.667,20€		671.252,64€
XESTIÓN DE PROGRAMAS	1.290.246,86€		
INVESTIMENTO	0,00 €		
TOTAL COFINANCIADO	3.568.923,80€		

TERCEIRO: En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL para o proxecto presentado dos Servizos Sociais Comunitarios do ano 2025 é o seguinte:

PERSOAL	738.367,10€		
MANTEMENTO	12.000,00€		
AXUDA NO FOGAR	Modalidade Básica	Prestación	Modalidade Dependencia
	126.067,20€		1.458.788,64€
XESTIÓN DE PROGRAMAS	1.424.246,86€		
INVESTIMENTO	0,00 €		
TOTAL	3.759.469,80€		

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de transferencia cos datos indicados.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2025/1062

Dáse conta da proposta do Servizo de Normalización Lingüística para aprobar a solicitude de subvención convocatoria da Secreraría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia, para o ano 2025, para as subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da Lingua Galega, publicado no Diario Oficial de Galicia do martes 4 de marzo de 2025. A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a presentación dunha solicitude para as axudas, en concorrència competitiva, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia ás entidades locais de Galicia

para a promoción do uso da lingua galega para o ano 2025, na modalidade b) das bases: mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico, que considera subvencionables os gastos de persoal e os gastos que supoña a realización de accións ou actividades de dinamización lingüística no período de xaneiro a outubro de 2025.

Contía da subvención (sen IVE) solicitada para programas de dinamización lingüística	13.798,77 euros
Contía da subvención solicitada para persoal	39.985,74 euros
Contía total da subvención solicitada (sen IVE)	53.784,51 euros

Segundo: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria, Orde do 14 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PL400A), publicada no Diario Oficial de Galicia número 43, do martes 4 de marzo de 2025.

Terceiro: Facultar a técnica de Normalización Lingüística para a presentación e xestión telemática da dita solicitude.

PRP2025/1063

Dáse conta da proposta do Servizo de Normalización Lingüística para aprobar a solicitude de subvención da deputación de Pontevedra dirixidas aos concellos para actividades de dinamización da Lingua Galega do ano 2025, publicado no Boletín Oficial da Provincia do xoves 6 de marzo de 2025. A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a presentación dunha solicitude para as subvencións da Deputación de Pontevedra dirixidas aos concellos para actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 (procedemento SIA 2329331) (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 45 do xoves 6 de marzo de 2025), para o programa denominado «Literatour», inserido no proxecto «Vilagarcía, cidade do libro». A cantidade que se solicita é de catro mil oitocentos sesenta e sete con cincuenta (4.867,50) euros, o 75% do custo da actividade presentada.

Segundo: Facultar a técnica de Normalización Lingüística para a presentación e xestión telemática da dita solicitude.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/1072

Dáse conta da chegada da comunicación con data de 13/02/2025 da Consellería de medio rural, a través da Dirección xeral de defensa do monte, remitindo invitación para a colaboración en accións de defensa e prevención de incendios forestais, mediante a subscripción dun convenio de colaboración para os anos 2025-2026 tanto para a realización de actuacións preventivas contra o incendios forestais como para actuacións de vixilancia e extinción.

A Consellería do Medio Rural ofrece ás entidades locais a posibilidade de subscribir convenios de colaboración cuxos obxectivos principais son a realización de actuación preventivas contra incendios forestais e tamén de actuación de vixilancia e extinción que, e acordo cos principios de intervención rápida, atención de conxunto e concentración de esforzos, integran no dispositivo contra os incendios forestais medio se recursos

O día 07/03/2025 este concello cursa contestación á mencionada invitación pola que participa o seu interese na colaboración na realización de actuacións para a prevención e defensa contra incendios forestais, estando interesado na realización de traballos preventivos mecanizados e na constitución dunha brigada.

Tal e como figura na invitación, a Consellería promove a seguinte colaboración económica por cada anualidade de vixencia para as actuacións comunicadas:

- Participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a realización de brigadas que se incorporarán no dispositivo realizando actuacións de defensa e de extinción pero tamén, cando as condicións o permitan e non sexa necesaria esta actividade, mediante a actuación de prevención. Polo actuación de brigadas contra incendios forestais a axuda máxima establececese en 40.000 €.

- A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado, mediante a xestión da biomasa vexetal coa aplicación de tratamentos silvícolas nas áreas forestais e de influencia forestal, co fin de diminuír a carga de combustible e crear discontinuidades horizontais e verticais para conseguir modelos de combustibles nos que o lume, no caso de producirse, avance con máis lentitude e facilite a intervención dos medios de defensa. Pola realización destes labores preventivos a Consellería do Medio Rural alcanzará un importe de ata 350 €/ha.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora das actuacións previstas pola Concellería de Medio Ambiente.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2025/1002

Dáse conta de informe sobre as actividades da OMIC durante o ano 2024, do que se desprende que se atenderon un total de 1.765 consultas e reclamacións, tanto de maneira presencial con horario de luns, mércores e venres, de 8:30 a 14:00 horas, como a través de teléfono de luns a venres no mesmo horario. Das citadas reclamacións e consultas 1.458 corresponden ao sector servizos e 307 ao sector produtos. Indica así mesmo que se realizan consultas e reclamacións de persoas tanto do Concello de Vilagarcía de Arousa como de outros Concellos (Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Caldas de Reis, Catoira, Valga, Meis, Portas, Ribadumia, Cambados, etc).

Do total de reclamacións a maioría foron tramitadas ao Servizo Provincial do Instituto Galego de Consumo e da Competencia de Pontevedra, organismo competente para a tramitación e resolución das reclamacións.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/1023

O Consello Local das Persoas Maiores propuxo, na reunión mensual con representantes do Concello, a organización dunha excursión a Cantabria. Dada a política de envellecemento activo desenvolta por esta Área, propónse a contratación do aluguer dun autobús e dos gastos dun/ha guía-acompañante á empresa organizadora da excursión.

Vista a proposta da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por VIAXES CARBALLO GALICIA (MARIA CALVO CASANOVA NIF 47350728F) para o Servizo de aluguer dun autobús con capacidade para 55 prazas e os gastos correspondentes da persoa guía-acompañante dende o día 21 ao 25 de abril de 2025, por un importe total de (4.750,00 € iva incluído) con cargo á partida 2313.22610.

OBSERVACIÓNS:

- Os requisitos que deberán cumprir os viaxeiros serán os seguintes:

Estar empadroadado neste Concello.

Ter 65 anos cumpridos na data da excursión.

- Si a/o solicitante vai con un/unha acompañante, é preciso que éste/a reúna os mesmos requisitos de idade e de empadramento.

- Abrirase un prazo de inscrición presencial na Área de Persoas Maiores na planta baixa do 25 ao 28 de marzo (ámbolos dous incluídos) ou ben ata completar as prazas, en horario de 9:00 a 13:00 horas.

- Quedan reservadas as 3 primeiras filas do autobús para o Consello Local de Persoas Maiores, ao seren as persoas responsables da organización do grupo.

- So se poderá presentar una solicitude por persoa (solicitante e acompañante) en concepto de reserva e terán preferencia as persoas que non viaxaran o ano anterior.

- No caso de haber máis solicitudes que prazas, realizarase un sorteo público nesta Área a través do xerador de sorteos "augeweb.com/azar o día 31 de marzo ás 93:30 da mañá e comunicarse o resultado soamente as persoas que salgan beneficiadas. Estas terán que facer o correspondente pago e traer o xustificante a esta Área, teñen ata o 3 de abril de prazo para facelo, en caso contrario, será baixa automática e acudirase a lista de reserva pola orde do sorteo realizado para a súa substitución.

- Con todas as persoas que non resultasen beneficiarias formarase dunha lista de agarda no mesmo orde correspondente ao do resultado do sorteo.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1096

A Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2025, acordou aprobar a realización da actividade, bases e orzamento do obradoiro "Taller de Estimulación cognitiva e Psicomotricidade", a realizar por AFAGA ALZHEIMER, Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia, por un importe de 11.628,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2313.22610.

Dita actividade está cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra (Plan + Provincia)

O obradoiro celebrarase ao longo do ano 2025 en dúas quendas: unha dende o 27 de febreiro ao 17 de xullo de 2025 e outra do 4 de setembro ao 18 de decembro de 2025, todos os xoves hábiles distribuíndose en grupos de 20 persoas cada un, en quendas de 2 horas, previsiblemente en horario de: 10 a 12 h; de 16 a 18 h e de 18 a 20 h.

A Xunta de Goberno Local acorda completar o citado acordo facendo constar que o seguro de accidentes da actividade correrá a cargo da empresa que presta o servizo (AFAGA ALZHEIMER).

CULTURA

PRP2025/1043

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación MM.RR de Fontecarmoa con cargo á partida 334.22703:

ASOCIACIÓN CULTURAL E MÚSICAL OS FIRRAS	G94144003	Actuación Os FIRRAS o día 15-03-2025	500,00€ (exento de iva)
ARTISTAMENTE S.L.	B67515817	Actuación Dj Oscar con Disco Móbil o día 17-05-2025	580,80€ Ive 21ª%
ASOCIACIÓN CULTURAL AÑORANZA	G94003555	Actuación grupo Añoranza o día 29-06-2025	500,00€ (exento de iva)
CASTROMÁN I S.L.	B36406650	Compra de material s/ orzamento	84,31€
DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.	A36036739	Compra de material s/orzamento	334,78€

		TOTAL GASTO C.C. FONTECARMOA	1.999,89€
--	--	------------------------------	-----------

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1045

Vista a solicitude de Asociación Cultural Comisión de Festas San Antonio do Xisto, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Antón de Solobeira o vindeiro 4 de agosto de 2025:

- Actuación da Asociación Cultural San Pedro de Cornazo (Coro San Pedro de Cornazo), por un importe de 300,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/1048

Vista a solicitude de Don Manuel A. Couciero Cachaldora, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Pedro de Fontecarmoa os 5 e 6 de xullo de 2025:

- Actuación do Grupo Folclórico Mocidade da Torre 83, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/1049

Vista a solicitude de Don Guillermo Fernández Sanchez e/n Asociación Cultural e Lúdica O Apostoliño, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da de Santiago Apóstolo en Carril os vindeiros 24 e 25 de xullo de 2025:

NOME FISCAL	N.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
ASOCIACIÓN CULTURAL BRISA DO RIO -gaitas:	G36543940	24 e 25-07-2025	Pasacalles	24-07: 350,00€ 25-07: 225,00€

ASOCIACIÓN CULTURAL MALVERIAS -gaitas_	G36136679	24 e 25-07-2025	pasacalles	24-07: 391,00€ 25-07: 225,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA – GAITAS-	G36436947	25-07-2025	pasacalles	25-07: 391,00€
		TOTAL		1.582,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/1050

Vista a solicitude de Asociación Subida ao Monte do Pobo de Carril, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Roque de Carril o vindeiro 10 de agosto de 2025:

- Actuación do grupo de gaitas Asociación Cultural Airiños do Carril, por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/1051

Vista a solicitude de Dona M^a Josefa Muñiz Moreno, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Sna Antonio en Faxilde o vindeiro 13 de xuño de 2025:

- Actuación do Grupo de gaitas Asociación Cultural A Nosa Sra. da Xunqueira, por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/1052

Vista a solicitude da Asociación Comisión Festas San Pedro de Vilagarcía de Arousa, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Pedro o vindeiro 28 de xuño de 2025 en Grupo San Roque-Vilagarcía:

- Actuación do grupo de gaitas Asociación Cultural Os Terribles de Arousa, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comúnicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/1054

Vista a solicitude de Dona Manuela Rios Abalo e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Nosa Señora o vindeiro 4 de maio de 2025 en Cea:

- Actuación do Grupo de gaitas Asociación os Trasnos de Guillán, por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comúnicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/1055

Dase conta da proposta da Concellaría de Cultura:

PRIMEIRO: As subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño

A Resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, (DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2025) regulan o procedemento de solicitude, concesión e xustificación para a promoción da actividade artística.

Establecen estas bases o seguinte obxecto:

Primeira. Obxecto, finalidade e principios de xestión

1. Esta resolución, no desenvolvemento das funcións e obxectivos encomendados e previstos na Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e dentro das súas competencias ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras das subvencións destinadas a cofinanciar programacións culturais realizadas por entidades locais polas que discorren os diferentes Camiños de Santiago para contribuír á promoción das artes escénicas e musicais, e aprobar a súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT302B).

2. Estas axudas teñen como finalidade o fomento das artes escénicas e musicais de carácter profesional, en particular de teatro, música, danza, novo circo e maxia, nos concellos de Galicia, sendo subvencionable unha porcentaxe das contratacións que integrarán as programacións e que serán desenvolvidas nas datas comprendidas entre o 15 de xuño ao 31 de agosto de 2025.

3. As programacións incluídas nesta convocatoria deberán conter como mínimo dúas contratacións de teatro, danza, música, novo circo ou maxia cun orzamento superior a 5.000 euros (IVE incluído) nos concellos de menos de 20.000 habitantes e de 8.750 euros (IVE incluído) nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

SEGUNDO: Avance da programación e orzamento

A programación prevista, suxeita á programa definitivo, ao abeiro desta convocatoria é a que segue:

	DATA	GRUPO	Tipoloxía	IMPORTE
1	15/06/2025	ARTEFEITO	Teatro	726,00 €
2	15/06/2025	CULTURACTIVA	Teatro	1.936,00 €
3	15/08/2024	FESTICULTORES	Música	4.840,00 €
4	17/08/2025	NELSON QUINTEIRO	Teatro na rúa	1.650,00 €
TOTAL CACHÉS				9.107,00 €
SUBVENCIÓN AGADIC				3.500,00 €
CONCELLO				5.607,00 €

Esta programación contará cunha subvención non competitiva de 3.500,00€.- (TRES MIL QUINIENTOS EUROS) que debe representar non menos do 40%do caché de cada actuación.

TERCEIRO: A documentación requirida

O concello atendendo ao estipulado na orde desta convocatoria correspóndelle entre outras obrigas:

-Formalizar a contratación destas actividades mediante un contrato de actuación artística, de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.

- Aboarlles ás compañías ou grupos participatnes na programación o 100% do caché ou/e importe estipulado no contrato.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a participación do concello de Vilagarcía de Arousa na convocatoria do programa Cultura no Camiño e solicitar a subvención non competitiva segundo as bases da convocatoria, atendendo ao modelo que se xunta.

Segundo: Aprobar o orzamento previsto de 9.107,00 € (NOVE MIL CENTO SETE EUROS) con cargo á partida 334-22609 de actividades culturais.

Terceiro: Facultar ao técnico de Cultura para a presentación e xestión telemática da solicitude.

PRP2025/1056

Vista a solicitude de Dona María Josefa Longo Blanco e/n Cofradía Dos Anxos e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación,

con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Os Anxos en Trabanca Sardiñeira os vindeiros 3 e 4 de agosto de 2025:

- Actuación do Grupo de gaitas Asociación Cultural Brisa do Río Ulla, por un importe de 350,00 €.
- Actuación Asociación Coral Rosalía de Castro, por un importe de 335,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/1057

Vista a solicitude de Don Sergio amoedo Ferreiro e/n Asociación Comisión de Festas Vixe o Carne, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Virxe do Carne o vindeiro 2 de agosto de 2025 en Solobeira:

- Actuación do Grupo de gaitas Asociación Cultural Os Xirifeiros, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/1058

Por D. Francisco Xavier Martínez Cobas, en representación de Editorial Galaxia S.A., solicitouse o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal para o 25 de marzo 2025, para a representación do espectáculo dirixido para público escolar de Vilagarcía para o representación dos espectáculos teatrais "A BIBLIOTECA GALÁCTICA CONTRA A IA FANTASTICA" do grupo tanxarina.

O trámite para autorización de uso de instalación municipal, neste caso do Salón de Actos do Auditorio, non se levou á Xunta de Goberno Local con anterioridade a data da celebración, polo tanto non se valoraron e tramitaron as de taxas correspondentes.

Polo exposto, vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cobro das taxas correspondentes o uso de instalación municipal, neste caso Salón de Actos do Auditorio, segundo o establecido na Ordenanzas Fiscais III.1 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

TAXAS DIA 25 de marzo de 2025

ESPACIO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
---------	------------	----------------	---------------

SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
RESPONSABLE DE SALA	6 HS	10,20€,	61,20€
OPERARIOS (2)	6 HS x 2=12	10,20€	122,40€

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2025/1059

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os gastos para a realización da exposición "A Galicia Inédita: unha ollada diferente do fotoxornalismo galego" da Asociación de Periodistas de Galicia que se celebrará na Sala Rivas Briones do 11 de abril ao 25 de maio de 2025, e que ascenden a un total de 5.929,00€ con cargo á partida 334-22612, segundo o orzamento presentado pola Asociación de Periodistas de Galicia

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2025/0982

Dáse conta de resolución da Presidencia da Deputación Provincial pola que se concede unha subvención ao concello de VILAGARCÍA DE AROUSA, CIF:P3606000B, ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), por importe de 32.510,16 euros co obxecto do financiamento da actuación denominada "SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE 4 MÓDULOS DE BANCADAS PARA O PAVILLÓN DE CARRIL E FAXILDE", Expediente nº 2025003530 cuxo orzamento ascende a 32.510,16 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención II PEID	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
32.510,16	32.510,16	0,00	0,00

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1003

Dáse conta de Resolución da Dirección Xral de Patrimonio Cultural - Servizo de Protección e Fomento en relación coa solicitude de Portos de Galicia para levar a cabo obras de reposición e reforzo de pavimentos esgotados en diversos portos, na provincia de Pontevedra, indicando que non precisan de autorización da Consellería as obras solicitadas no Concello de Vilagarcía, seguintes:

